



PLAN DIXITAL

CEIP PLURILINGÜE SAN MIGUEL

10 de xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. [Introdución](#)
 - 1.1. Datos básicos do centro
 - 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
 - 1.3. Breve xustificación do mesmo
 - 1.4. Proceso de elaboración

2. [Situación de partida](#)
 - 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
 - 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
 - 2.3. Análise DAFO

3. [Plan de Acción](#)
 - 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
 - 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. [Avaliación do PD](#)
 - 4.1. Seguimento do Plan de Acción
 - 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. [Difusión do PD](#)

1. Introducción

1.1 Datos básicos do centro

O CEIP Plurilingüe San Miguel atópase afincado no concello de Paradela o que abrangue unha gran contorna principalmente rural e rodeada de enclaves naturais. A maior parte do noso alumnado vive en parroquias ou pobos próximos á vila e as súas familias teñen como principal medio de sustento a gandaría e a agricultura.

É importante destacar que nos atopamos ante un municipio polo que discorre parte do Camiño de Santiago, concretamente o Camiño Francés e que atravesa as parroquias de Ferreiros, Francos, Laxe, Cortes e Loio, polo que nestas ocasións os habitantes destes pobos adoitan ter algún negocio que dá servizo ós peregrinos como albergues ou pequenos restaurantes.

Na propia vila de Paradela temos diversos recursos como a biblioteca municipal a que cada curso académico dende a escola adoitamos visitala para que o alumnado a coñeza e saiba os recursos e as posibilidades que nos ofrece. Así mesmo ás veces organízanse contacontos ou obradoiros de pintura para os máis pequenos e dende o centro aproveitamos esta oportunidade para poder participar. Tamén contamos cun paseo nun entorno natural rodeado de árbores, muiños e regatos moi preto do colexio polo que soemos aproveitalos para, principalmente, na primavera facer algunha andaina.

Ademais ó carón do colexio está a Casa Neno Pitiños que na actualidade presta servizo a 11 nenos e nenas de entre tres meses e tres anos. Este servizo é gratuíto e facilita ós pais e ás nais a conciliación da vida laboral e familiar e supón unha axuda para socializar entre eles así como é unha iniciación para a próxima etapa escolar de Educación Infantil xa desenvolvida no noso colexio. Estes nenos e nenas participan nalgunha actividade desenvolvida no noso centro, algunha festividade como o Nadal ou o Entroido, entre outras.

O centro conta actualmente cun total de cinco unidades en funcionamento, dúas en Educación Infantil e tres en Educación Primaria. O horario lectivo é de 9:30 h ata as 15:30 h tendo polo medio uns 30 minutos de recreo de 12:00 h a 12:30 h. As actividades extraescolares soen comezar xusto a partir das 15:30 h para facilitar a conciliación familiar e así que pais e nais so teñan que vir buscar ó alumnado ó remate das mesmas. Cabe destacar as seguintes peculiaridades:

Os martes ás 15:30 h desenvólvese a reunión do profesorado para organizarse e coordinarse no desenvolvemento da labor docente e na toma de decisións.

Os luns unha vez ó mes réunese o Claustro e o Consello Escolar seguidamente.

O CENTRO

DATOS XERAIS DO CENTRO	
Tipo de centro	Público
Denominación oficial	CEIP Plurilingüe San Miguel
Código do centro	27009347
Enderezo	Rúa Veiga, nº 6
Provincia	Lugo
Código Postal	27611
Teléfono	982870631
NIF	Q-2768007-C
Correo electrónico	ceip.sanmiguel@edu.xunta.gal

PROFESORADO	
Educación Infantil	2
Educación Primaria	1
Educación Primaria: Apoio	1 compartida co CEIP do Páramo e EEI Xela Arias.
Educación Musical	1
Lingua Estranxeira: Inglés	1
Educación Física	1
Pedagogía Terapéutica	1
Orientación	1 compartida co CEIP Antonio Fernández López (Oural) e CEIP Ricardo Gasset (O Incio).
Relixión Católica	1 compartida co CEIP do Páramo e EEI Xela Arias.

1.2 Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

As características sociais e culturais das familias e do alumnado, así como a traxectoria do centro respecto do uso das TIC xunto co nivel de competencia en materia dixital dos mestres e das mestras inflúen na integración das tecnoloxías no propio centro. Algúns dos obxectivos xerais do centro en relación as TIC son:

- Potencia o uso das TIC como ferramenta de traballo no proceso de E-A empregándoa de forma activa por parte do alumnado.
- Fomentar o uso dos medios informáticos, facilitando o acceso a esta ferramenta por parte dos alumnos como medio de apoio e reforzo nos seus aprendizaxes.
- Favorecer a súa utilización por parte do profesorado nas súas tarefas habituais dentro do centro, por exemplo, nas propias aulas e polo tanto nas sesións co alumnado.
- Impulsar a comunicación con outros centros doutras localidades, comunidades e países para coñecer e transmitir valores sociais a outras culturas, estilos de vida e costumes.

En canto os obxectivos da Comunidade Educativa encontramos recollidos os seguintes:

- Potenciar a comunicación coa Comunidade Educativa e o seu entorno: páxina Web, blogs, enderezo electrónico... no que se divulgue o centro, informacións relativas á ANPA, intercambio de informacións coas familias...
- Potenciar actividades de participación de toda a Comunidade Educativa: xornadas de portas abertas, foros, debates...
- Intensificar a utilización das TIC co fin de unificar todos os documentos do centro e todas as informacións a través do mesmo formato, potenciando uso do enderezo electrónico, Abalar Móbil como medio de contacto coas familias e a súa comunicación de incidencias ou simplemente como medio de comunicación activo e vivo.

As tecnoloxías da información e da comunicación están presentes no noso día a día e polo tanto como vemos na escola. Ademais destes obxectivos que acabamos de plasmar queremos salientar que debido á participación varios anos consecutivos en PFPP de Robótica dispoñemos de material co que traballar tanto a Programación como a Robótica nos diferentes cursos ademais dunha actualizada remodelación da aula de informática do centro.

TIC, ROBÓTICA E IMPRESIÓN 3D	
Necesidades	Formación e concienciación do profesorado que a era das TIC avanza a grandes pasos e debemos ir na mesma dirección.
Obxectivos	<ul style="list-style-type: none"> -Desenvolver o pensamento crítico e a capacidade de transformar a información en coñecemento. -Involucrar ó profesorado na realidade tecnolóxica. -Poñer a disposición do alumnado a realidade tecnolóxica da súa contorna. -Explotar máis os recursos tecnolóxicos dos que dispoñemos no centro.
Actuacións	<ul style="list-style-type: none"> -Organización e acondicionamento dun espazo destinado a Aula Maker. -Exposición de pezas impresas coa impresora 3D. -Posta en marcha do blog de centro como recurso de comunicación coas familias. -Utilización das TIC como recurso cotiá para que o alumnado poida ampliar e reforzar os seus coñecementos - Emprego das TIC para dar resposta máis eficaz ó alumnado con NEAE.
Recursos	Aula de informática totalmente equipada, impresión 3D (impresoras e lapis), robots (mBot, beeBot...).

1.3 Breve xustificación do mesmo

A normativa legal que tivemos en conta na elaboración do Plan Dixital de Centro foi a seguinte:

Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación

Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021-2022

Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4 Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital de Centro creouse un grupo de traballo do que forman parte os seguintes mestres e mestras:

PFPP L2131123 Análise da competencia dixital do centro e elaboración do Plan Dixital	
Rocío Castro Arias	Mestra de Lingua Estranxeira: Inglés
Alejandro José Ferreiro Abuín	Mestre de Educación Física
Obdulia Formoso Vilasuso	Mestra de Pedagogía Terapéutica
Adela López López	Mestra de Educación Primaria
Ligia López López	Mestra de Educación Infantil
Tania Taboada Arias	Mestra de Educación Infantil
María del Pilar Taboada Vilarinho	Mestra de Relixión Católica

2. Situación de partida

2.1 Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais


A continuación analízanse as infraestruturas actuais de cada un dos espazos do noso centro e así mesmo recóllense as necesidades. É importante á vez que necesario dotarnos de equipos para realizar cursos en liña ou mesmo que o alumnado teña a oportunidade de contactar con alumnado doutros concellos próximos, doutras comunidades ou doutros países. Así mesmo temos no centro alumnos que se tiveron que trasladar por exemplo, ó Reino Unido. Sería xenial que o alumnado puidese intercambiar experiencias e realidades en liña durante a xornada lectiva.

ESPAZO	INFRAESTRUTURA DIXITAL ACTUAL	NECESIDADES	REDE
Aula EI 1	PDI, ordenador, canón. (Adquisición XUNTA)	Renovación da PDI. + de 4 anos sen ser táctil.	WIFI
Aula EI 2.	PDI, ordenador, canón. (Adquisición XUNTA).	Renovación da PDI. + de 4 anos sen ser táctil.	WIFI
Aula EP 1º-2º	PDI, ordenador, canón. (Adquisición XUNTA)	Renovación da PDI. Moi antiga: lentitude. Cámaras e micro.	WIFI
Aula EP 3º-4º	PDI, ordenador, canón. (Adquisición XUNTA)	Equipo informático con moita antigüidade. Cámaras e micro.	WIFI
Aula EP 5º-6º	PDI, ordenador, canón. (Adquisición XUNTA)	Equipo informático con moita antigüidade. Cámaras e micro.	WIFI
Aula de Inglés	Pantalla movable e equipo informático. (Adquisición propio centro).	Equipo informático con moita antigüidade.	WIFI
Aula de Plástica	Sen infraestrutura TIC	Equipo informático, PDI.	WIFI
Aula de Música	PDI, ordenador, canón. (Adquisición XUNTA)	Equipo informático con moita antigüidade.	WIFI
Dirección	Ordenador (Adquisición propio centro).	Impresora	CABLE
Aula de PT	1 equipo informático con moita antigüidade. (Adquisición XUNTA)	Renovación equipo informático. PDI, impresora propia.	WIFI

Orientación	1 equipo informático con moita antigüidade. (Adquisición XUNTA)	Renovación equipo informático. PDI, impresora propia.	WIFI
Oficinas	Dous ordenadores de mesa. Un deles non funciona. Fotocopiadora, impresora e escáner. (Adquisición XUNTA e propio centro).	Ampliar o número de ordenadores. Plastificadoras.	WIFI
Sala de mestres	Sen infraestrutura TIC.	Dotar, polo menos, dun posto de ordenador.	
Espazo Maker	Impresora 3D, lapis 3D, robótica: mBot, Bee-Bot, Doc (robot interactivo), dron. (Adquisición propio centro).	Material audiovisual: cámara de fotografía, croma, equipamento de iluminación. Escáner 3D.	WIFI
Aula informática	12 ordenadores de mesa e 1 portátil no posto do mestre/a. Aula renovada no pasado curso. (Adquisición propio centro).	Dotar de impresora e escáner para a propia aula. Impresión 3D. Taboleiros interactivos. Tabletas.	CABLE
Biblioteca	Radio na Biblio (equipo de radio + ordenador). (Adquisición propio centro).	Dous postos de ordenadores para que o alumnado poda consultar información. Kid de E-Téxtiles. Ebooks.	WIFI
Salón de actos	Canón e pantalla. Sen equipo informático. (Adquisición propio centro e XUNTA)	Equipo informático	CABLE
Ximnasio	Sen infraestrutura TIC.	Canón, pantalla e ordenador con acceso á rede.	
Comedor	Sen infraestrutura TIC.	Canón, pantalla e ordenador con acceso á rede.	
Laboratorio	Espazo sen determinar.		

2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Resumo do SELFIE: Puntuación e nivel de competencia do centro



Puntuación e nivel de competencia por etapas test CDD

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	45,3	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	50,8	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a (A2)	7	87,5%
Integrador/a (B1)	1	12,5%
TOTAL	8	100 %

2.3 Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	Recursos dixitais que cumpren cos procesos de E-A.	Acceso a Internet deficiente, pouca velocidade.
	PERSOAL DOCENTE		Falta de formación e horario escaso para dedicación ás TIC e pouco compromiso docente.
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	Interese nas competencias dixitais.	Falta de formación, coñecementos, capacidades...
	FAMILIAS	Implicación da maior parte das familias.	Fenda dixital, alumnado sen acceso a Internet.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		A dirección do centro atópase coa problemática de asignar horario ó profesorado coordinador.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Convocatorias anuais: E-DIXGAL, PLAMBE, PROXECTA+	Lentitude, pouca información para presentar as solicitudes...
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA	O noso ámbito rural danos posibilidades para explotar os seus recursos.	Fenda Dixital.
	ANPA	Implicación activa nas actividades desenvolvidas no centro.	Falta de recursos económicos.
	OUTRAS ENTIDADES	Dispoñemos de institucións no propio concello das que botar man.	

3. Plan de Acción

3.1 Obxectivos, indicadores e accións

Ver táboas das páxinas seguintes

3.2 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Ver apartado 2.1.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 1: (1)	Concretar unha canle de comunicación externa (familias) que permita ofrecer información instantánea. (Item E4*)				Acadado	
Responsable:	DIRECCIÓN				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Respostas positivas a consulta sobre a Web feita ó inicio e ó remate do curso.					
Valor de partida: (3)	Non se teñen datos					
Valor previsto e data: (4)	80% das familias responden positivamente. A metade do cuestionario.			22/12/2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Actualización da páxina web do centro.	DIRECCIÓN	1/10/2022	-Web de centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Na primeira reunión de familias difundir as novas do Web do Centro.	DIRECCIÓN	1/10/2022	-Web de centro. -Dispositivos móbiles.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Potenciar nunha reunión de claustro a participación na Web do Centro do profesorado subindo material, recursos... e polo tanto creando os seus propios blogues de aula ou área.	DIRECCIÓN E PROFESORADO	1/10/2022	-Web de centro. -Información e recursos incluídos na web do centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*E4: Comunicación coa comunidade educativa

Área/s de mellora: Pedagogía: Apoios e recursos (E)						
OBXECTIVO 2: (1)	Promover o uso da Aula Virtual por parte do alumnado e do profesorado. (Item E3*)				Acadado	
Responsable:	DIRECCIÓN				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Alumnado e profesorado que empregan a Aula Virtual como recurso de apoio á aprendizaxe.					
Valor de partida: (3)	0 actividades realizadas co alumnado na Aula Virtual por cada docente.					
Valor previsto e data: (4)	3 actividades realizadas (1 por trimestre) co alumnado na Aula Virtual por cada docente.			30/6/2023		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Crear os cursos e matricular ó alumnado e profesorado na AV do centro.	DIRECCIÓN	30/6/2023	-AV do centro. -Listaxe de alumnado e profesorado así como as áreas que imparte cada un/unha.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Publicar en cada curso as actividades, áreas e recursos educativos.	MESTRE TITOR/OU DE CADA ÁREA	30/6/2023	-AV. -Actividades, materiais e recursos para incluír na AV.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Traballar ditos materiais a través de actividades co alumnado e potenciar a súa autonomía á hora de empregar a AV.	MESTRE DE CADA ÁREA	30/6/2023	-AV. -Actividades, materiais e recursos incluídos na AV.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*E3: Emprego de contornas virtuais

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo (D)						
OBXECTIVO 3: (1)	Incentivar e motivar a que o profesorado participe nos PFPP do centro. (Item D2*)				Acadado	
Responsable:	DIRECCIÓN				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de profesorado que participa no PFPP.					
Valor de partida: (3)	50 %					
Valor previsto e data: (4)	80 %			22/12/2022		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Organizar horarios de acordo coa participación nos PFPP do profesorado interesado.	DIRECCIÓN	15/9/2022	Lexislación relativa ós PFPP.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Sensibilizar ó profesorado sobre a necesidade de formación sobre TIC empregando como medio a lectura dixital solicitando participando no E-LBE2.	DIRECCIÓN	22/12/2022	Convocatoria E-LBE2		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Realizar ó inicio de curso unha reunión conxunta para saber cales son as preocupacións e necesidades de formación do profesorado.	DIRECCIÓN	22/12/2022	Convocatoria de reunión.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

*D2: Participación no desenvolvemento profesional continuo

Área/s de mellora: C Infraestrutura e equipamento						
OBXECTIVO 4 (1)	Dixitalizar a Biblioteca na procura do PLAMBE.				Acadado	
Responsable:	A dirección do centro.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Porcentaxe de libros catalogados.					
Valor de partida: (3)	0					
Valor previsto e data: (4)	50 %			30/6/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Convocar unha reunión co equipo de Biblioteca para establecer un plan de traballo.	DIRECCIÓN	30/09/2022	-Espazo dedicado exclusivamente á biblioteca.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Formar no programa Meiga/Koha dentro do PFPP.	DIRECCIÓN	30/03/2023	-Internet -Meiga/Koha.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Poñer en práctica o aprendido no PFPP.	RESPONSABLE DE BIBLIOTECA	30/6/2023	-Ordenador.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART” (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:

Específicos (Specific), é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;

Medibles (Measurable), deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;

Alcanzables (Achievable), é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;

Relevante (Relevant), debemos formular obxectivos que impliquen un beneficio importante para a organización educativa;

Definidos no tempo (Time bound), isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a persoa responsable do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (Acadado ou Non acadado).

INDICADOR: Permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.

VALOR de PARTIDA: Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.

VALOR PREVISTO: Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a data límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

DESCRIPCIÓN: Establecer e numerar accións concretas e necesarias, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).

RESPONSABLES: Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.

DATA PREVISTA FIN: Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.

RECURSOS NECESARIOS: Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).

VALORACIÓN DA ACCIÓN: No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.

ESTADO: Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

Trimestralmente faremos unha revisión do plan de acción e no caso de que non se estean cumprindo os prazos dalgunha das accións especificaremos o motivo. O remate do curso faremos a avaliación final na que miraremos se os obxectivos están acadados ou non e no caso de que non se acaden especificaremos o motivo e faremos propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital de centro polo consello escolar oído o claustro será exposto na Web de centro e exposto na sala de profesorado. Ademais gardarase unha copia na secretaría do centro.

Data de presentación ao Claustro: 14 de xuño de 2022

Data de aprobación polo Consello Escolar: 16 de xuño de 2022